

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Agolada (P3602000F)	16	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ó público a xornada completa durante 9 meses; 1 licenciado/a en periodismo e 3 poceiros/as rede de saneamento a xornada completa durante 8 meses; 1 condutor/a camión para recollida do lixo e 1 mozo/a recollida do lixo a xornada completa durante 7 meses; 4 pavimentadores/as, 1 mantedor/a de edificios e 2 traballadores/as de conservación de parques e xardíns a xornada completa durante 6 meses; 1 ordenanza (reservada a persoas con diversidade funcional) e 1 pegador/a de cartaces (reservada a persoas con diversidade funcional) a media xornada durante 3 meses</i>	156.685,50 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Agolada* (CIF P3602000F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Plan Concellos 2021 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2021/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Agolada (P3602000F)	16	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ó público a xornada completa durante 9 meses; 1 licenciado/a en periodismo e 3 poceiros/as rede de saneamento a xornada completa durante 8 meses; 1 condutor/a camión para recollida do lixo e 1 mozo/a recollida do lixo a xornada completa durante 7 meses; 4 pavimentadores/as, 1 mantedor/a de edificios e 2 traballadores/as de conservación de parques e xardíns a xornada completa durante 6 meses; 1 ordenanza (reservada a persoas con diversidade funcional) e 1 pegador/a de cartaces (reservada a persoas con diversidade funcional) a media xornada durante 3 meses</i>	156.685,50 €

